

Dez empresas participarán nos encontros da vindeira semana da Feria do Libro de Bos Aires

É unha acción de internacionalización do FOEXGA organizada pola Cámara de Comercio de Santiago, patrocinada pola Consellería de Economía e en colaboración coa Asociación Galega de Editores

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2010.- A Cámara de Comercio de Santiago de Compostela participa a vindeira semana (do 19 ao 26 de abril) nun encontro empresarial do sector editorial galego que se desenvolverá con motivo da Feira do Libro de Bos Aires. Esta acción, organizada pola entidade camerál compostelá no ámbito do Plan de Fomento das Exportacións Galegas (FOEXGA) e patrocinada pola Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, conta coa colaboración da Asociación Galega de Editores, participando con 10 editoriais galegas.

En Bos Aires levaranse a cabo unha serie de encontros con outras editoras sudamericanas no ámbito das xornadas de profesionais anteriores á inauguración da Feira. Posteriormente, realizaranse actos de promoción e presentacións empresariais co obxectivo de incrementar a presenza da industria cultural galega neste país, onde o sector homólogo está crescendo en porcentaxe por riba do seu PIB.

Na Feira do Libro de Bos Aires participarán 1.300 expositores, 23 dos cales serán galegos. Está considerada unha das feiras máis importantes de todo o área sudamericana.

nota de prensa